MEMORIA
[Apichatpong Weerasethakul, 2021, Colombia, 130', VOSE]

Lingua **Inglés, español**
Dirección e guión **Apichatpong Weerasethakul**
Montaxe **Lee Chatametikool**
Fotografía **Sayombhu Mukdeeprom**
Son **Raúl Locatelli, Akritchalerm Kalayanamitr**
Música **César López**
Reparto **Tilda Swinton, Elkin Díaz, Jeanne Balibar, Daniel Giménez Cacho, Juan Pablo Urrego**
Produtora **Angélica Perea**
Distribución **NouCinemart**

A Jessica (Tilda Swinton), botánica británica establecida en Colombia, espértaa unha noite un son como doutro mundo. A protagonista emprende unha viaxe ata o corazón da selva en busca da orixe deste ruído que só ela parece oír, e alí encontra un home que atesoura toda a memoria do lugar.

Cannes 2021 Premio do Xurado
Chicago 2021 Mellor Filme

VINDEIRAS SESIÓNS NOVEMBRO 2022

MARTES 8
UN MONDE
(Laura Wandel, 2021)

LUNS 14
LUCES DA CIDADE
(Charles Chaplin, EUA, 1931)

MARTES 15
ESPÍRITU SAGRADO
(Chema García Ibarra, 2021)

MARTES 22
DIANTE DE TI
(Hong Sangsoo, 2021)

LUNS 28
ORFEO
(Jean Cocteau, 1950)

MARTES 29
OUTSIDE NOISE
(Ted Fent, 2021)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es
cineclubepontevedra
CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra
FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA
Xacobeo 21·22
XUNTA DE GALICIA

FS #165
25.10.2022

MEMORIA

APICHATPONG WEERASETHAKUL

CINECLUBE PONTEVEDRA

Como describiría as orixes de *Memoria*? Son antigas. Durante moito tempo foron só ideas dispersas referentes a distintos personaxes. O filme tomou forma cando me convidaron ao Festival de Cine de Cartagena de Indias no ano 2017, onde se proxectaron case todos os meus filmes. Non me sentín cómodo, tiña a impresión de estar participando nunha homenaxe póstuma e tratei de fuxir percorrendo o país: Bogotá, Cali..., as aldeíñas, a selva. Sentino coma un renacer. Entón comecei a escribir, con base nos meus encontros con diferentes persoas, especialmente artistas. Sentíame máis cerca dos artistas ca dos cineastas, excepto en Cali, onde hai unha comunidade cinematográfica forte. Durante o proceso de escrita tiven a idea de utilizar esta síndrome que teño dende hai moito tempo segundo a cal escoito sons na miña cabeza, como explosións.

Vostede parte de situacións ou persoas reais sen relación entre elas. Como transforma eses elementos nunha ficción coherente? Acontece durante o proceso de escrita. O guión é bastante detallado, con moitos elementos fácticos: bosquexos, documentación fotográfica, vídeos... Mais ao final, trátase de reducir, de quitar cousas, iso é o que permite que o filme en conxunto tome forma. Cando escribo os elementos do filme, fágoo en relación a seres existentes, principalmente lugares, mais neste caso tamén a Tilda. Coñecémonos ben dende hai moito tempo. Souben dende o principio que ela estaría no filme. En gran parte está baseado nela: en como a vexo, no que sei que pode encarnar, mais tamén na súa vontade de formar parte del, no que discutimos amplamente durante todos estes anos de amizade. Imaxino escenas, situacións determinadas por ela, antes mesmo de saber onde sucederán, como irá vestida, con quen estará na escena...

En que medida tería sentido para vostede unha comparación entre Tailandia e Colombia? Nunca tiven a impresión de usar Colombia coma metáfora de Tailandia, sentíame realmente conectado con este país. A maioría do equipo era colombiano e axudoume moito a conectar cos sitios onde rodamos, coa historia da rexión. Sen dúbida influíron na forma en que retratei situacións e relacións específicas. O idioma tamén é moi importante porque non falo español, os membros colombianos do equipo xogaron un papel decisivo neste sentido. Eu escribira o guión en inglés, parte en Tailandia e parte en Colombia, mais tiña que ser dixerido en español. Máis alá da cuestión lingüística ou das diferenzas culturais, co que sigo identificándome de xeito directo é cos silencios e os ritmos e coa posibilidade de tratalos como música. Concentreime niso.

Contar con personaxes principais non colombianas fixo posible crear determinados efectos... Exacto! O *look* mesmo de Tilda xa resulta perturbador neste contexto. Esta muller branca, alta, pálida e loira camiñando polas rúas de Bogotá ten un aire certamente surrealista. Coma min, ela é manifestamente estranxeira. Antes de filmar, o produtor de Ciro Guerra díxome que o meu proxecto non ía funcionar, que nunca funciona un actor nun ambiente en que está totalmente fóra de lugar. Tomei a súa advertencia moi en serio e tratei de desenvolvela.

O tema da actuación foi diferente en relación ás súas experiencias anteriores con actores tailandeses? Os actores cos que traballei en Tailandia interpretaban personaxes moi cercanos a eles mesmos: usabamos os seus nomes reais, desenvolviamos os filmes a partir das súas historias persoais. *Memoria* é diferente, trato de conectar con algo máis abstracto, co dó, cos recordos da personaxe de Jessica Holland en *Andei cun zombi* (Jacques Tourneur, 1943). A relación entre personaxes e actores é moi diferente. Tilda e mais eu prestámoslle moita atención á construción da personaxe, principalmente a través da súa linguaxe corporal, de minúsculos detalles en xestos. A auténtica Tilda Swinton é moi diferente a Jessica. Por outra banda, os actores tailandeses adoitan moverse moito máis amodo, mais Tilda e Jeanne móvense rápido. No filme, Tilda ten unha presenza que non é de todo natural, o son da súa voz non está perfectamente sincronizado para crear unha lixeira sensación de estrañeza. O traballo coas dúas actrices foi moi distinto. Tilda é extraordinariamente maleable, coma a auga, mais Jeanne é moi sólida, é realmente ela mesma. Só a podo imaxinar en París: o xeito en que se move, en que fuma. Ao principio foi difícil, ao final díxenme: «Traballarei con Tilda para esculpir a Jessica e simplemente deixarei que Jeanne sexa Jeanne».

O traballo en torno ao son é enorme. Si. É o que máis me preocupaba porque adoito anticipar o traballo de son con gran detalle, en estreita colaboración co meu enxeñeiro de son, Akritchalerm Kalayanamitr. Non tiñamos orzamento para traelo a Tailandia, así que traballei cun rapaz novo, Raúl Locatelli, que fixera os filmes de Carlos Reygadas, e que utiliza o seu propio equipo, ao que non estou acostumado. A Raúl preocupáballe moito que eu non estivese contento, así que gravou moito. Isto foi xenial porque tivemos unha cantidade enorme de material co que traballar en Bangkok. Supoñíase que iamos facer a postprodución de son en México, mais non foi posible pola Covid-19. Ao final resultou ser unha mellor opción porque puiden pasar moito tempo no Kantana Studio con todos eses sons. Foi como facer un novo filme. O resultado é realmente unha composición, con reminiscencias de fontes sonoras distintas ás da rodaxe, en particular de Tailandia. Tamén escoitamos a primeira voz humana xamais gravada, a canción francesa *Au clair de la lune*, mais reelaborada e presentada case subliminalmente no filme.

Publicado en *Caimán. Cuadernos de cine*, núm. 167.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.